

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica

*Bases reguladoras do Programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o cofinanciamento de proxectos de actividades no ámbito do medio ambiente durante o 2025 (DP0031/2025)*

#### ANUNCIO

Mediante resolución de Presidencia aprobáronse as Bases reguladoras do Programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o cofinanciamento de proxectos de actividades no ámbito do medio ambiente durante o 2025, cuxo texto se transcribe:

#### BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O COFINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE ACTIVIDADES NO ÁMBITO DO MEDIO AMBIENTE – ANO 2025

##### Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica
Sección	Sección de Desenvolvemento Territorial, Coop. e Medio Ambiente
Anualidade	2025
Denominación	Programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o cofinanciamento de proxectos de actividades no ámbito do medio ambiente
Beneficiarios	Entidades sen ánimo de lucro da provincia da Coruña
Programa	DP0031
Aplicación orzamentaria	0520/17221/481
Importe da convocatoria	200.000,00 €
Importe do orzamento de gastos	Sen límite
Importe da subvención que se vai conceder	Mínimo: 2.000,00 € € Máximo: 25.000,00 €
Importe solicitado	Do 20% ao 80% do orzamento de gastos subvencionables
Coefficiente de financiamento	Variable entre 0,20 e 0,80
Gasto anticipado	Si, será de aplicación o establecido na disposición adicional das Bases Xerais.

##### Exposición de motivos

A Constitución Española, no se artigo 45, fai referencia á protección do medio ambiente e encomenda aos poderes públicos velar pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva.

A Lei galega 5/1997 de Administración Local de Galicia indica, no seu artigo 80.2, que entre as competencias propias dos municipios poderá exercerse, entre outras, a protección do medio ambiente. Pola súa parte, o artigo 86.1, referíndose ás actividades complementarias doutras administracións públicas, indica que os municipios poderán exercer actividades complementarias das propias doutras Administracións Públicas e, en particular, relativa a protección do medio ambiente.

A Deputación Provincial de A Coruña ten atribuída entre as súas competencias o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, particularmente no eido do medio ambiente.

A Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible representa o compromiso internacional para facer fronte aos retos sociais, económicos e medioambientais da globalización, situando no centro ás persoas, o planeta, a prosperidade e a paz. A Axenda 2030 formula 17 obxectivos con 169 metas nas esferas económica, social e ambiental aplicándose por igual tanto a países desenvolvidos como en vías de desenvolvemento abordando a pobreza, a desigualdade e a degradación do planeta.

A protección do medio ambiente constitúe un dos pilares desta Axenda 2030 e se establece como un fin transversal presente na maioría dos obxectivos.

Para conseguir os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 é fundamental a participación activa das administracións locais a través de políticas públicas concretas e tanxibles e lograr a implicación do resto de actores e da propia cidadanía.

Tanto as Nacións Unidas como a Comisión Europea recoñecen o papel imprescindible que xogan os gobernos locais para conseguir os ditos obxectivos. Ese recoñecemento tamén se recolle no Sistema reforzado para a Gobernanza da Axenda 2030, no Plan de Acción para a Implementación da Axenda 2030 e na Estratexia de Desenvolvemento Sostible 2030.

A Deputación Provincial da Coruña ven prestando anualmente apoio ás asociacións ambientais, esencialmente as que teñen a súa sede ou delegación na provincia da Coruña, no financiamento de proxectos no ámbito do medio ambiente que contemplan no seu deseño e execución as prioridades definidas nas leis de protección ambiental, principalmente a Lei galega 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, e na Lei estatal 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio natural e a biodiversidade.

### 1.- BASES XERAIS

Bases Xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, aprobadas por resolución do presidente da Deputación número 39048 do 1 de outubro de 2024 ([BOP número 190, mércores, 2 de outubro de 2024](#)).

### 2.- BASES ESPECÍFICAS

#### Base 1. Réxime xurídico

- Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.
- Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia
- Lei 5/2019, de 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia
- Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio natural e da biodiversidade
- Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia

A presente subvención está incluída no plan estratéxico provincial de subvencións da Deputación 2025-2027 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 27 de setembro do 2024 e contribúe ao logro dos obxectivos incorporados no dito plan.

#### Base 2. Obxecto e finalidade

As presentes bases teñen por obxecto regular a concesión de subvencións por parte da Deputación da Coruña, en réxime de concorrencia competitiva, para financiar proxectos de actividades que se desenvolvan na provincia da Coruña no ámbito do medio ambiente, que se realicen en 2025 por parte de entidades privadas sen ánimo de lucro inscritas no Rexistro de Entidades de Carácter Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia, ou que o seu fin primordial sexa a conservación, promoción e/ou a defensa dos recursos naturais e do medio ambiente.

Os proxectos que desenvolvan ditas entidades deberán contemplar no seu deseño e execución as prioridades definidas nas leis de protección ambiental, principalmente a Lei galega 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, e na Lei estatal 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio natural e a biodiversidade. Entre as finalidades obxecto do presente programa de axudas, as entidades solicitantes poderán optar por algunha das seguintes liñas:

- Voluntariado ambiental
- Difusión e sensibilización ambiental
- Conservación e protección do medio ambiente, e
- Outros proxectos: Terán cabida nesta liña a programación de actuacións relacionadas co cambio climático, sustentabilidade enerxética, desenvolvemento de políticas e estratexias ambientais, posta en valor de recursos naturais ou aquelas que en xeral promovan a participación social no compromiso co medio ambiente.

#### Base 3. Solicitantes

Poderán participar na convocatoria as entidades sen ánimo de lucro de carácter medioambiental da provincia da Coruña, en concreto as asociacións, fundacións e federacións que teñan como fin primordial o estudo, a conservación, a promoción e/ou defensa dos recursos naturais e do medio ambiente e que o seu ámbito de actuación estea comprendido na provincia da Coruña.

Estas entidades terán que estar legalmente constituídas, cunha antigüidade mínima de dous anos anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, e terán que figurar inscritas no rexistro administrativo creado polo

Decreto 226/2007, do 22 de novembro, polo que se crea o Rexistro de entidades de carácter medioambiental da Comunidade Autónoma de Galicia ou que o seu fin primordial sexa o estudo, a conservación, a promoción e/ou defensa dos recursos naturais e do medio ambiente.

Así mesmo, ademais dos previstos na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña (BOP número 185, do 25 de setembro de 2024) e na Lei Xeral de Subvencións, é requisito esixible ás entidades solicitantes, que deberá estar cumprido antes da data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, ter domicilio social ou oficina permanente na provincia da Coruña.

#### Base 4. Gastos subvencionables

##### 4.1 Gastos subvencionables

Terán a consideración de gastos subvencionables dentro desta liña, aqueles gastos que resulten estritamente necesarios para o desenvolvemento da actividade subvencionada e que se atopen dentro dos seguintes códigos de concepto de gasto:

CONTA	DESCRIPCIÓN DA CONTA
600	Bens destinados á actividade
601	Materias primas
602	Outros aprovisionamentos
607	Traballos realizados por outras empresas
621	Alugueres e cánones
622	Reparacións e conservación
625	Primas de seguros (para os participantes nas actividades)
627	Publicidade e propaganda (material e servizos de difusión das actividades: folletos, ...)
628	Subministracións
640	Soldos e salarios
642	Seguridade Social a cargo da entidade
624	Transportes (desprazamentos concertados con terceiros: persoal voluntario, persoas beneficiarias, ... en transporte público ou privado agás os que deban incluírse na conta 629)
629	Outros servizos desprazamentos do persoal da entidade necesarios para a realización da actividade

Poderán tamén ser gastos subvencionables aqueles de carácter xeral da entidade que se adscriban directamente á realización da actividade subvencionada, co límite máximo do 15% dos gastos directos admitidos como subvencionables.

Excluírase o importe do imposto sobre o valor engadido nos casos en que éste sexa repercutible, é dicir, susceptible de recuperación ou compensación.

#### Consideracións respecto aos gastos subvencionables:

- Todos os gastos subvencionables deberán estar directamente relacionados co desenvolvemento do proxecto subvencionado.
- Únicamente serán obxecto de axuda os gastos de carácter corrente, en ningún caso bens inventariables.

Para a XUSTIFICACIÓN:

- Na Relación clasificada dos Gastos :
  - Para as **facturas**:
    1. Terase que identificar ás persoas acreedoras (nome da empresa e NIF) e os tipos de documentos (nº de factura ou documento equivalente, data completa de emisión, data de pago -cando proceda-, concepto claro e conciso do gasto, o importe total da factura e o importe imputado ao proxecto) dos distintos conceptos de gastos subvencionables aprobados na solicitude.
    2. Cando a entidade ten obriga de presentar declaración do IVE (realiza as liquidacións de IVE oportunas) só se imputará a base impoñible da factura (importe sen IVE).
    3. Cando a entidade non teña a obriga de presentar a declaración do IVE, poderase imputar o importe total da factura (incluído o IVE).

- Para os **gastos de persoal** correspondentes á actividade subvencionable gravaranse para cada traballador/a e mes dous rexistros:

1. Na conta 640 polo importe bruto da nómina (ou polo importe que corresponda en función do tempo destinado ao proxecto subvencionado).

Ademais indicárase o seguinte:

- no “Nome” o nome e apelidos do traballador/a
- no “NIF” o NIF do traballador/a
- no “Concepto” poñerase o seguinte texto: [Nómina do mes de “Indicar o mes correspondente”. Porcentaxe de imputación “Indicar a porcentaxe de imputación %”].

2. Na conta 642 polo importe da Seguridade Social a cargo da entidade.

Ademais, indicárase o seguinte:

- no “Nome” o nome do traballador/a
- no “NIF” o NIF do traballador/a
- no “Concepto” poñerase o seguinte texto: [Seguridade social a cargo da entidade do mes de “Indicar o mes correspondente”. Porcentaxe de imputación “Indicar a porcentaxe de imputación %”].

Na conta 607 - Traballos realizados por outras empresas inclúense:

- Traballos necesarios para o proxecto encargados a outras empresas.

- Na memoria xustificativa no apartado correspondente aos gastos xustificadas terseá que detallar o seguinte:
  - No caso de xustificar gastos de persoal, indicar as funcións e tarefas realizadas polo persoal obxecto da subvención nas mensualidades xustificadas así como aclarar a porcentaxe de imputación aplicada.
  - No caso de xustificar gastos de desprazamentos, detallar as datas, itinerarios e distancias, matrícula dos vehículos utilizados e titulares dos mesmos (nomes e DNI), finalidade, usuarios e importe do gasto realizado (o gasto en kilometraje aboarase como máximo no límite previsto na normativa tributaria vixente).

#### 4.2 Gastos excluídos

**Non se subvencionan en ningún caso os gastos seguintes:**

- Gastos de asesoría.
- Aloxamento e manutención do persoal da entidade e do voluntariado.
- Gastos relacionados con material, publicidade e propaganda de concentracións e mobilizacións sociais ou políticas.

Tampouco se financiarán aqueles gastos relacionados con fundacións e asociacións vinculadas a partidos políticos, agás os que estean dirixidos ao funcionamento das mesmas e a actividades de estudo de desenvolvemento do pensamento político, social e cultural.

#### 4.3 Período subvencionable

As actividades obxecto deste programa deben realizarse no período comprendido entre o **1 de xaneiro de 2025 e o 31 de decembro de 2025**, con independencia de que o pago dos citados gastos se realice antes de que transcorra un mes contado a partir da percepción da subvención, no caso contrario, o dito gasto considerarase como non válido para efectos de xustificación da subvención. Non obstante, naqueles casos nos que as actividades foran realizadas ao final do período da convocatoria de subvencións, poderían admitirse os xustificantes (factura o documento equivalente) que foran expedidos ata o día **16 do mes de xaneiro de 2026**.

### Base 5. Compatibilidades e exclusións

#### 5.1 Compatibilidades

As subvencións deste programa son **compatibles** con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea o de organismos internacionais, sen prexuízo da obriga de comunicar á Deputación a súa obtención.

As subvencións deste programa son **incompatibles** con outras subvencións do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, excepto co seguinte programa:

DP0036: Programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o cofinanciamento de proxectos de investimentos no ámbito da axuda ao medio ambiente durante o ano 2025. Porén, a suma de ambas as dúas achegas, se fora o caso, non poderá exceder de 25.000,00 €, tendo que reducirse éstas proporcionalmente ou a elección da entidade beneficiaria.

## 5.2 Exclusiones

Non serán obxecto de subvención neste programa as seguintes actividades:

- As actividades promovidas por persoas ou entidades que foran sancionadas ou condenadas por resolución administrativa ou sentenza firme pola comisión de condutas discriminatorias nos termos dispostos na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- As actividades promovidas por persoas ou entidades que utilicen na súa actividade linguaxe sexista ou empreguen a imaxe da muller como reclamo ou connotacións de tipo sexual ou denigrante segundo o disposto no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro.

## Base 6. Forma e prazo da solicitude

A forma de presentación da solicitude será a que se indica nas Bases xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña para o ano 2025.

O prazo de presentación de solicitudes determinarase na convocatoria, que se publicará no BOP por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións.

## Base 7. Compromisos e obrigas

### 7.1 Difusión do apoio da Deputación

A difusión do carácter público do financiamento levarase a cabo das seguintes formas:

- Farasen constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática, de redes sociais ou audiovisual) que fixeran das actividades subvencionadas.
- Incluírase o logotipo da deputación nas webs nas que participe a entidade, no caso de existir esta. O logotipo está dispoñible no seguinte enderezo: <https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/logotipos>
- Calquera comunicación ou publicación das accións desenvolvidas ou calquera información ou material de promoción (folletos, carteis ou presentacións en formato electrónico) deberán incluír o logotipo da deputación.

Coa conta xustificativa a entidade presentará proba documental (fotografías, informe gráfico, enlaces, etc) sobre o cumprimento destas obrigas.

## Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión

### 8.1 Criterios de valoración

Son criterios de baremación do programa os seguintes:

	CRITERIOS	PTOS
RELATIVOS Á ENTIDADE SOLICITANTE	Sede central (10) ou oficina permanente (3) na provincia da Coruña	10
	Anos de experiencia no sector: 2-4 anos: 4; 5-8: 7; 9 ou máis: 10	10
	Capacidade de xestión na provincia da Coruña no 2024: 1-2 empregados: 1; 3-4: 2; 5 o máis: 3	3
	Masa salarial dos empregados na provincia da Coruña no 2024: ata 7.500 €: 1; de 7.501-15.000 €: 2; máis de 15.000 €: 3	3
	Número de socios na provincia da Coruña (na data de presentación da solicitude): 25-30: 3; 31-40: 4; 41-50: 5; 51 ou máis: 6	6
	Persoal voluntario na provincia da Coruña (na data de presentación da solicitude): ata 15: 3; de 16-25: 4; de 26-40: 5; máis de 40: 6	6

		CRITERIOS	PTOS
RELATIVOS AO PROXECTO	Viabilidade e pertinencia do proxecto (*)	Grao de coñecemento do medio	6
		Diagnóstico e plan de acción (descricao da actividade, resultados esperados, cronograma...)	10
		Incidencia social e enfoque de xénero	6
		Calidade e condicións nas que se desenvolvan as actividades	6
		Que favoreza a información, formación e participación cidadá	6
		Beneficiarios directos na provincia da Coruña: até 10: 2; entre 11-30: 4; entre 31-50: 6; entre 51-70: 8; máis de 70: 10	10
		Beneficiarios indirectos na provincia da Coruña: ata 50: 1; entre 51-100: 2; máis de 100: 3	3
		Financiación propia: ata o 10 %: 6; entre o 10,01-30 %: 8; máis do 30 %: 10	10
		Participación en plataformas, rrs, foros...	2
		Emprego da lingua galega na redacción da memoria	3

(\*) Os aspectos relativos á viabilidade e pertinencia do proxecto serán obxecto de valoración por unha comisión técnica designada por resolución da presidencia da Deputación da Coruña. A valoración dos outros apartados realizarase polo persoal da unidade xestora.

O importe da subvención estará comprendido entre os límites establecidos na convocatoria (de 2.000,00 € a 25.000,00 €), priorizando as solicitudes con maior puntuación, entre as que obteñan un mínimo de 30 puntos no apartado relativo á valoración do proxecto.

O importe concreto virá determinado polos puntos obtidos, que se corresponderán cunha porcentaxe sobre o importe solicitado, nunha escala que vai desde un mínimo de 30 puntos, ao que lle correspondería un 20 % da cantidade solicitada, ata 80 puntos, a partir do cal se asignaría o 100%.

## 8.2 Procedemento de concesión

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva polo procedemento de **concesión provisional/definitiva**, segundo o regulado nas bases xerais destas axudas.

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria no caso de existir crédito adecuado e suficiente.

## Base 9. Xustificación e pago

### 9.1 Prazo de xustificación

A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión definitiva no BOP. O prazo para a xustificación das subvencións rematará o **30.04.2026, ás 14:00 horas**, prorrogable a petición da entidade beneficiaria en consonancia co previsto no art. 22 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña (BOP número 185, do 25 de setembro de 2024).

### 9.2 Pago

As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos, que deberán axustarse aos conceptos aprobados na concesión definitiva e que figurarán en cada expediente de solicitude.

O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade xa rexistrada na Deputación da Coruña. De non existir este rexistro previo, a entidade deberá achegar a correspondente certificación dos seus datos bancarios.

### 9.3 Perda do dereito e reintegro

Producirase a perda do dereito á cobranza total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que o gasto subvencionable que se xustifique sexa por un importe inferior ao 50% do orzamento subvencionado para xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade algunha.

## Base 10.- Incumprimentos e sancións

Será de aplicación o disposto nas Bases xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.

## ANEXOS DOCUMENTACIÓN

### ANEXO I - Documentación da solicitude

#### Declaracións:

- A entidade que represento cumpre todos os requisitos esixidos aos solicitantes nas bases reguladoras da presente convocatoria e na Ordenanza xeral de subvenciones e transferencias da Deputación Provincial da Coruña, e no caso de resultar beneficiaria da subvención comprométese a cumprir fielmente todas as obrigas e compromisos recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fehaciente o seu cumprimento no caso de ser requirida pola Deputación.
- A entidade que represento comprométese a utilizar a lingua galega no desenvolvemento do proxecto subvencionado e na produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada, e a dar cumprimento á aquelas outras obrigas establecidas nas bases específicas en relación coa lingua galega.
- A entidade que represento comprométese a empregar unha linguaxe non sexista e inclusiva; tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero e a recabar datos de participación desagregados por sexo no caso de estudos, estadísticas, enquisas e formularios.
- A entidade que represento comprométese a dar cumprimento as obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases específicas.
- A entidade que represento está legalmente constituída antes da presentación da solicitude e dispón dos estatutos adaptados á lei vixente. Asemade, o seu obxecto a faculta para a participación nesta convocatoria.
- Declaro que nin eu nin a entidade á que represento estamos incursos/as en ningunha das prohibicións previstas no art. 10 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, do 13 de xuño para ser beneficiarias ou percibir subvencións da administración pública.
- A entidade que represento comprométese a solicitar tres orzamentos de distintos provedores, no caso de que contrate cun mesmo provedor un gasto superior a 15.000 € (IVE excluído) pola prestación de servizos ou subministracións, e de que seleccionará un deles de xeito motivado, nos termos do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- A entidade que represento declara que ten aprobadas as liquidacións ou contas do exercicio vencido.
- A entidade que represento declara coñecer a seguinte información en materia de protección de datos:

Os datos persoais facilitados nas solicitudes serán tratados pola Deputación da Coruña co fin de levar a cabo a tramitación administrativa do programa correspondente.

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha misión de interese público. No caso de que a Deputación utilice imaxes de persoas físicas para promocionar a súa actividade subvencional contará co consentimento das persoas afectadas e será este a base lexitimadora dese tratamento.

Os datos poderán ser comunicados ás Administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa de arquivo.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo se consideran que o tratamento incumpre co establecido no Regulamento Xeral de Protección de Datos poden reclamar perante a Axencia Española de Protección de Datos.

As persoas interesadas poden consultar máis información relacionada coa protección de datos na Política de Privacidade da Deputación ou dirixindo un correo a [delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal](mailto:delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal).

#### Documentación:

- Formulario de solicitude (Anexo I) (Para confeccionar este documento dispón dun modelo obrigatorio na plataforma SUBTeL)
- Certificación acreditativa do acordo de solicitude, nomeamento de representante para as relacións coa Deputación, delegación e, se fora o caso, das persoas asociadas (Para confeccionar este documento dispón dun documento obrigatorio na plataforma SUBTeL)

- Acreditación do requisito previsto na base específica 3ª (inscripción no Rexistro de Entidades de Carácter Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia ou que teñan como fin primordial nos estatutos a defensa do medio ambiente)
- Memoria explicativa da actividade ou proxecto que se vai realizar. Máximo 15 páxinas.

A memoria explicativa terá que conter os seguintes apartados:

1. Breve introdución do proxecto
2. Identificación das actividades a realizar con obxectivos claros
3. Viabilidade e pertinencia do proxecto:
  - a. Grao de coñecemento sobre o medio
  - b. Diagnóstico e plan de acción (descrición das actividades e resultados esperados)
  - c. Incidencia social e enfoque de xénero
4. Calidade e condicións nas que se desenvolvan as actividades
5. Que favoreza a información, formación e participación cidadá
6. Localización da actividade programada.
7. Cronograma de actividades, que terá que encadrarse no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025.
8. Memoria económica do proxecto, indicando e explicando as actividades a realizar en cada un dos conceptos de gasto adaptados aos recollidos na base específica 4ª.

(Para confeccionar este documento dispón dun modelo obrigatorio na plataforma SUBTeL na que será obrigatorio cubrir de maneira clara e concisa todos os seus apartados)

- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores de idade, certificación de que comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como trata de seres humanos. Igualmente, para o persoal que se incorpore con posterioridade ás actividades subvencionadas, compromiso de facer a comprobación a que se refire este apartado. No caso de que a realización das actividades non implique o contacto habitual con menores de idade, deberán achegar unha certificación da entidade neste senso. (Para confeccionar este documento dispón dun modelo obrigatorio na plataforma Subtel).
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTeL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- Solicitude de autorización, se procede, no caso de que a entidade solicitante concerte a execución total ou parcial do obxecto da subvención con persoas vinculadas á entidade (art. 29.7.d) Lei xeral de subvencións 38/2003, do 17 de novembro, e art. 68 do Regulamento, RD 887/2006, do 21 de xuño) (Para confeccionar este documento dispón dun modelo obrigatorio na plataforma SUBTeL)
- Estatutos da entidade solicitante adaptados á lexislación vixente nos que conste a inscrición no rexistro público correspondente (Deberá achegar unha copia dos estatutos vixentes. Se a entidade solicitante xa constara rexistrada no ficheiro de terceiros da Deputación non será necesaria a entrega deste documento)

**A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma Subtel.**

**Documentación adicional:**

- **Desistencia da solicitude ou renuncia á subvención** (De acordo co disposto na Base xeral 8.5 para a desistencia da solicitude ou a súa renuncia dispón dun documento na plataforma SUBTeL)



**ANEXO II - Documentación xustificación****Declaracións:**

- A entidade que represento deu cumprimento ás obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases específicas.
- A entidade que represento non ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada pola Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes.
- Os gastos presentados neste expediente como xustificación da subvención concedida foron debidamente reflectidos, na forma preceptiva, na contabilidade da entidade, segundo o disposto no art. 14.1 da Lei xeral de subvencións..
- No caso en que os gastos subvencionables non acaden o importe mínimo a xustificar, ou no caso en que a achega provincial, xunto cos outros ingresos percibidos para o mesmo obxecto, supere aos gastos executados: A entidade que represento renuncia á parte da achega provincial non xustificada.  
A xustificación insuficiente poderá dar lugar ao reintegro das cantidades anticipadas.
- No caso en que a xustificación se presente fóra de prazo: A entidade que represento acepta a sanción que corresponde e consinte en efectuar voluntariamente o pagamento desta mediante compensación no pago da subvención, e non presentará alegacións nin recurso algún ao respecto (Esta declaración suporá unha redución do importe da sanción dun 90%).

**Documentación:**

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTeL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- Memoria das actividades realizadas (Para confeccionar este documento dispón dun modelo na plataforma SUB-TeL na que será obrigatorio cubrir de maneira clara e concisa todos os seus apartados).
- Relación clasificada de gastos (Documento descargable en SUBTeL e que se xera automaticamente unha vez detallados os gastos realizados con cargo á subvención no apartado correspondente da xustificación).
- Relación detallada de ingresos (Para confeccionar este documento dispón dun modelo obrigatorio na plataforma SUBTeL).
- Declaración exención IVE (Para confeccionar este documento dispón dun modelo obrigatorio na plataforma SUBTeL).
- Acreditación da difusión dada á colaboración financeira da Deputación Provincial da Coruña a través de calquera medio que permita deixar constancia así como a inclusión do logotipo da deputación na páxina web da entidade no caso de existir ésta.
- Reportaxe fotográfica das actividades realizadas.
- No caso de que contratase cun mesmo provedor un gasto superior a 15.000 € (IVE excluído) pola prestación de servizos ou subministracións, deberá achegar copia dos tres orzamentos solicitados e motivación da contratación da empresa seleccionada no caso de que non sexa a máis económica.
- No caso de que algunha das actividades executadas pola entidade implicara o contacto habitual con menores, certificación de que se comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos (de acordo coa Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación do Código civil e da Lei de axuízamento civil) ou, pola contra, certificación de que non se executaron este tipo de actividades.
- Designación de conta bancaria da entidade no modelo aprobado pola Deputación da Coruña, asinado co certificado de representación da entidade.
- Certificado acreditativo da titularidade da conta, emitido e asinado electronicamente pola entidade bancaria correspondente ou asinado co certificado de representación da entidade solicitante.

A Coruña, 21 de novembro de 2024

O Presidente

Valentín González Formoso

A Secretaria xeral

Amparo Taboada Gil

2024/8436